

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

15713 *Lei 10/2017, do 28 de decembro, pola que se modifica a Lei 12/2002, do 23 de maio, pola que se aproba o Concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

O vixente concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco, aprobado pola Lei 12/2002, do 23 de maio, prevé na súa disposición adicional segunda que no caso de que se produza unha reforma no ordenamento xurídico tributario do Estado que afecte a concertación dos tributos, se produza unha alteración na distribución das competencias normativas que afecte o ámbito da imposición indirecta ou se creen novas figuras tributarias ou pagamentos á conta, ambas as administracións, de común acordo e polo mesmo procedemento seguido para a súa aprobación, procederán á pertinente adaptación do concerto económico ás modificacións que experimentase o referido ordenamento.

A Lei 28/2007, do 25 de outubro, pola que se modifica a Lei 12/2002, do 23 de maio, pola que se aproba o concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco, adecuou esta norma ás novidades introducidas no ordenamento xurídico tributario do Estado no período 2002-2007.

Tras a modificación de 2007, a Lei 7/2014, do 21 de abril, pola que se modifica a Lei 12/2002, do 23 de maio, pola que se aproba o concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco, incorporou a concertación de varios tributos de titularidade estatal creados no período 2011-2013, así como unha serie de adaptacións co obxecto de adecualas ás reformas do sistema tributario operadas no período 2008-2014 e modificacións en aspectos institucionais deste.

Desde a modificación operada en 2014 introducíronse outras novidades no ordenamento tributario que fan necesaria a adecuación do concerto, tal e como exige a súa disposición adicional segunda.

Por isto, en primeiro lugar, adaptouse o concerto a diversos cambios lexislativos que se produciron na normativa estatal e que estaban pendentes da súa incorporación a el. Acordouse a actualización, entre outros, dos preceptos relativos a grupos fiscais, ao imposto sobre a electricidade, á opción dos non residentes para tributar polo IRPF, así como a adaptación da regulación do delito fiscal de acordo co novo réxime establecido no Código penal.

Así mesmo, acordouse a concertación do imposto sobre o valor da extracción do gas, petróleo e condensados, creado pola Lei 8/2015, do 21 de maio, pola que se modifica a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e pola que se regulan determinadas medidas tributarias e non tributarias en relación coa exploración, investigación e explotación de hidrocarburos.

En relación co imposto sobre sucesións e doazóns, atribúeselles ás deputacións forais a exacción do imposto devindicado nas adquisicións realizadas por contribuíntes residentes no estranxeiro cando a maior parte do valor conxunto dos bens e dereitos transmitidos corresponda aos situados no País Vasco, así como nas sucesións de causantes non residentes en territorio español cando o herdeiro resida no País Vasco e nas doazóns a residentes no País Vasco de inmobles situados no estranxeiro. Así mesmo,

modifícase a regra do artigo 25.dous en virtude da cal as deputacións forais aplicarán a normativa de territorio común, non xa cando o causante ou donatario adquirise a residencia no País Vasco con menos de cinco anos de antelación á data de devindicación do imposto, senón cando permanecese en territorio común un maior número de días do período dos cinco anos inmediatos anteriores, contados de data a data, á devindicación do imposto.

En canto á tributación dos grupos fiscais, establécese que se deberá atender á proporción de volume de operacións do grupo para efectos da exacción das retencións nos casos a que se refire o segundo parágrafo da letra c) do artigo 7.un, o segundo parágrafo da letra a) do artigo 9.un e o segundo parágrafo do artigo 23.dous do concerto.

Por outra parte, introducíronse melloras na xestión tributaria e na coordinación entre administracións establecendo, entre outras medidas, un novo procedemento para a regularización de cotas devoltas de IVE correspondentes a períodos de liquidación anteriores ao momento en que se inicie a realización habitual das operacións do contribuínte, acordando as regras para a asignación e revogación do NIF, regulando a colaboración entre administracións en relación coas actuacións de comprobación e investigación e de obtención de información para a exacción dos tributos e introducindo novas regras de coordinación de competencias exaccionadoras e inspectoras entre administracións en supostos de regularización de operacións entre persoas ou entidades vinculadas e de cualificación de operacións de forma diferente a como as declarase o contribuínte cando isto implique unha modificación das cotas soportadas ou repercutidas nos impostos indirectos nos cales se establece o mecanismo de repercusión.

Igualmente, acordouse a modificación de preceptos reguladores dos puntos de conexión en diversos impostos.

Así, no imposto sobre a renda das persoas físicas modifícase a regra de exacción das retencións e ingresos á conta por rendementos de traballo cando os traballos ou servizos se presten tanto en territorio vasco como en territorio común, dando prioridade á aplicación do criterio do centro de traballo. Así mesmo, aplicarase ese mesmo criterio cando os traballos ou servizos se presten no estranxeiro ou a bordo de buques, embarcacións, artefactos navais ou plataformas fixas no mar e nos casos de teletraballo, supostos estes últimos que non estaban recollidos na redacción actual do concerto. Tamén se actualiza a regra establecida no artigo 7.dous relativa ao ingreso de retencións correspondentes a retribucións satisfeitas a funcionarios e empregados do sector público estatal.

No imposto sobre sociedades e o imposto sobre o valor engadido actualízase, pasando de 7 a 10 millóns de euros, a cifra limiar de volume de operacións a que se refiren os artigos 14, 15, 19 e 27 do Concerto, que serve para delimitar a competencia para a exacción e a comprobación destes impostos, así como, no caso do imposto sobre sociedades, tamén a normativa aplicable. Adicionalmente, atribúeselle á Facenda foral en ambos os impostos a competencia inspectora, e no imposto sobre sociedades tamén a aplicación da normativa foral, sobre os suxeitos pasivos con domicilio fiscal en territorio común e cuxo volume de operacións no exercicio anterior fose superior a 10 millóns de euros sempre que realizasen no País Vasco o 75 por cento ou máis das súas operacións no dito exercicio. Esta última regra aplícase cunha porcentaxe diferente ás entidades acollidas ao réxime especial de grupos de entidades, que se suxeitarán á competencia inspectora e, se é o caso, á normativa foral, neste suposto unicamente cando realizasen no País Vasco todas as súas operacións no exercicio anterior. Estas modificacións serán de aplicación aos períodos impositivos ou de liquidación que se inicien a partir da entrada en vigor da presente lei.

No ámbito do imposto sobre a renda de non residentes, modifícase a regra aplicable nos supostos previstos na letra b) do artigo 22.catro para a exacción e devolución a non residentes sen establecemento permanente, que pasa de determinarse en función do domicilio fiscal da persoa que presenta a liquidación en representación do non residente a determinarse en función da Administración que exerza a competencia inspectora sobre o dito representante. Así mesmo, régúlase un punto de conexión específico para a exacción a non residentes sen establecemento permanente do gravame especial sobre os premios de determinadas lotarías e apostas.

Por outra parte, introducíronse melloras técnicas na regulación dos puntos de conexión dalgunhas figuras tributarias. Así, no imposto sobre os depósitos nas entidades de crédito especificase o punto de conexión aplicable aos depósitos mantidos mediante sistemas de comercialización non presenciais e outros non susceptibles de territorialización; no imposto especial sobre determinados medios de transporte vincúlase a exacción do imposto ao domicilio fiscal da persoa física ou xurídica que realice o feito imponible, e no imposto sobre actividades de xogo prevese un punto de conexión específico para as modalidades de xogo en que non sexa exigible a identificación da residencia do xogador.

En relación coa Xunta Arbitral prevista no artigo 65 do concerto económico, regúlase un procedemento abreviado mediante o cal se substanciarán as cuestións previstas na letra b) do artigo 64 e no artigo 47 ter.tres do concerto. Así mesmo, habilitase a posibilidade de resolver conflitos mediante un procedemento de extensión de efectos e regúlase o incidente de execución.

Finalmente, en relación coa Comisión de Coordinación e Avaliación Normativa prevista no artigo 63, atribúeselle competencia para resolver sobre as observacións que formule algunha das administracións en relación cos procedementos de coordinación de competencias exaccionadoras e inspectoras en supostos de regularización de operacións entre persoas ou entidades vinculadas e de cualificación de operacións previstos no artigo 47 ter.

Artigo único. *Modificación da Lei 12/2002, do 23 de maio, pola que se aproba o concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco.*

Apróbase a modificación do concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco, aprobado pola Lei 12/2002, do 23 de maio, nos termos establecidos no anexo da presente lei.

Disposición derogatoria única.

Un. Queda derogada a disposición transitoria décima do concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco aprobado pola Lei 12/2002, do 23 de maio.

Dous. Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto na presente lei.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Un. A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de decembro de 2017.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY

ANEXO**Acordo**

Aprobar a modificación do concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco, convidaendo na nova redacción que se debe dar aos artigos sete, nove, dez, catorce, quince, dezanove, vinte, vinte e un, vinte e dous, vinte e tres, vinte e tres ter, vinte e cinco, vinte e sete, vinte e nove, trinta e un, trinta e tres, trinta e seis, corenta e catro, corenta e cinco, sesenta e catro, e a disposición transitoria primeira, na adición dos artigos vinte e tres sexies, corenta e sete bis, corenta e sete ter, sesenta e oito e na supresión da disposición transitoria décima.

«Artigo 7. *Retencións e ingresos á conta por rendementos do traballo.*

Un. As retencións e ingresos á conta por rendementos do traballo exixiraos, conforme a súa respectiva normativa, a deputación foral competente por razón do territorio cando correspondan aos que a continuación se sinalan:

a) Os procedentes de traballos ou servizos que se presten no País Vasco.

No suposto de que os traballos ou servizos se presten en territorio común e vasco ou non se poida determinar o lugar onde se realicen os traballos ou servizos, considerarase que os traballos ou servizos se prestan no territorio onde se sitúe o centro de traballo ao cal estea adscrita a persoa traballadora.

Así mesmo, no caso de teletraballo e nos supostos en que os traballos ou servizos se presten no estranxeiro, ou en buques, embarcacións, artefactos navais ou plataformas fixas no mar entenderanse prestados no centro de traballo ao cal estea adscrita a persoa traballadora.

b) Os procedentes de pensións, haberes pasivos e prestacións percibidas dos réximes públicos da Seguridade Social e clases pasivas, Instituto Nacional de Emprego, montepíos, mutualidades, fondos de promoción de emprego, plans de pensións, entidades de previsión social voluntaria, así como as prestacións pasivas de empresas e outras entidades, cando o perceptor teña a súa residencia habitual no País Vasco.

c) As retribucións que se perciban pola condición de administradores e membros dos consellos de Administración, das xuntas que fagan as súas veces e doutros órganos representativos, cando a entidade pagadora teña o seu domicilio fiscal no País Vasco.

Tratándose de entidades que sexan suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades exixible polo Estado e as deputacións forais, as retencións corresponderán a ambas as administracións en proporción ao volume de operacións efectuado en cada territorio. Para estes efectos, aplicarase a proporción determinada na última declaración-liquidación efectuada polo imposto sobre sociedades. Estas retencións exixiranse conforme a normativa foral ou común, segundo que á entidade pagadora lle resulte de aplicación a normativa foral ou común do imposto sobre sociedades, e a inspección realizarana os órganos da Administración que corresponda por aplicación deste mesmo criterio. Non obstante o anterior, as normas relativas ao lugar, forma e prazo de presentación das correspondentes declaracións-liquidacións serán as establecidas pola Administración competente para a súa exacción.

Dous. Malia o disposto no punto anterior, corresponderán á Administración do Estado as retencións relativas ás retribucións, tanto activas como pasivas, incluídas as pensións xeradas por persoa distinta do perceptor, satisfeitas por aquela aos funcionarios e empregados en réxime de contratación laboral ou administrativa do Estado.

Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior os funcionarios e empregados dos organismos autónomos e entidades públicas empresariais, sociedades mercantís estatais, consorcios de adscrición estatal, fundacións estatais, universidades públicas non transferidas e autoridades portuarias dos portos que se encontran en territorio vasco.»

«Artigo 9. *Retencións e ingresos á conta por rendementos de capital mobiliario.*

Un. As retencións e ingresos á conta por rendementos do capital mobiliario serán exixidas, conforme a súa respectiva normativa, pola Administración do Estado ou pola deputación foral competente, de acordo coas seguintes normas:

Primeira. A deputación foral competente por razón do territorio exixirá as correspondentes:

a) Aos rendementos obtidos pola participación en fondos propios de calquera entidade, así como os xuros e demais contraprestacións de obrigas e títulos similares, cando tales rendementos sexan satisfeitos por entidades que tributen exclusivamente polo imposto sobre sociedades no País Vasco.

Tratándose de suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades exixible polo Estado e as deputacións forais do País Vasco, a retención corresponderá a ambas as administracións en proporción ao volume de operacións efectuado en cada territorio. Para estes efectos, aplicarase a proporción determinada na última declaración-liquidación efectuada polo imposto sobre sociedades. Estas retencións exixiranse conforme a normativa foral ou común segundo que á entidade pagadora lle resulte de aplicación a normativa foral ou común do imposto sobre sociedades, e a inspección realizarana os órganos da Administración que corresponda por aplicación deste mesmo criterio. Non obstante o anterior, as normas relativas ao lugar, forma e prazo de presentación das correspondentes declaracións-liquidacións serán as establecidas pola Administración competente para a súa exacción.

b) Aos xuros e demais contraprestacións das débedas e empréstitos emitidos pola Comunidade Autónoma, deputacións forais, concellos e demais entes da Administración territorial e institucional do País Vasco, calquera que sexa o lugar en que se fagan efectivas. Os que correspondan a emisións realizadas polo Estado, outras comunidades autónomas, corporacións de territorio común e demais entes das súas administracións territoriais e institucionais, mesmo cando se satisfagan en territorio vasco, serán exixidas polo Estado.

c) Aos xuros e demais contraprestacións de operacións pasivas dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito e entidades equiparadas a estas, así como das efectuadas en calquera outro establecemento de crédito ou institución financeira, cando o perceptor do rendimento teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal no País Vasco.

d) Aos rendementos derivados de operacións de capitalización e de contratos de seguros de vida ou invalidez, cando o seu beneficiario ou o tomador do seguro en caso de rescate teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal no País Vasco.

e) Ás rendas vitalicias e outras temporais que teñan por causa a imposición de capitais, cando o seu beneficiario teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal no País Vasco.

f) Aos rendementos procedentes da propiedade intelectual, cando o suxeito pasivo non sexa o autor e, en todo caso, os da propiedade industrial e da prestación de asistencia técnica, cando a persoa ou entidade que os satisfaga estea domiciliada fiscalmente no País Vasco.

g) Aos procedentes do arrendamento de bens, dereitos, negocios ou minas e análogos, cando estean situados en territorio vasco.

Segunda. Cando se trate de xuros de préstamos garantidos con hipoteca inmobiliaria, será competente para exixir a retención a Administración do territorio onde radiquen os bens obxecto da garantía.

Cando os bens hipotecados estean situados en territorio común e vasco, corresponderá a ambas as administracións exixir a retención; para este fin ratearanse os xuros proporcionalmente ao valor dos bens obxecto de hipoteca, salvo no suposto de que houbera especial asignación de garantía, caso en que será esta cifra a que sirva de base para o rateo.

Terceira. Cando se trate de xuros de préstamos garantidos con hipoteca mobiliaria ou peñor sen desprazamento, a retención exixiráa a Administración do territorio onde a garantía se inscriba.

Cuarta. Cando se trate de xuros de préstamos simples, do prezo adiado na compravenda e outros rendementos derivados da colocación de capitais, as retencións exixiráas a Administración do territorio onde estea situado o establecemento ou teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal a entidade ou persoa obrigada a reter.

Dous. Na exacción das retencións e ingresos á conta a que se refire este artigo, as deputacións forais aplicarán idénticos tipos aos de territorio común.

Artigo 10. *Retencións e ingresos á conta por determinadas ganancias patrimoniais.*

Un. As retencións relativas ás ganancias patrimoniais derivadas da transmisión ou reembolso de accións e participacións de institucións de investimento colectivo, así como da transmisión de dereitos de subscripción, exixiráas, conforme a súa respectiva normativa, a Administración do Estado ou a deputación foral competente por razón do territorio, segundo que o accionista ou partícipe teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal en territorio común ou vasco.

Dous. As retencións correspondentes ao gravame especial sobre os premios de determinadas lotarías e apostas exixiráas, conforme a súa respectiva normativa, a Administración do Estado ou a deputación foral competente por razón do territorio segundo que o seu perceptor teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal en territorio común ou vasco.

As retencións e ingresos á conta correspondentes a premios distintos dos especificados no parágrafo anterior que se entreguen como consecuencia da participación en xogos, concursos, rifas ou combinacións aleatorias, estean ou non vinculados á oferta, promoción ou venda de determinados bens, produtos ou servizos, exixiráas, conforme a súa respectiva normativa, a Administración do Estado ou a deputación foral competente por razón do territorio, segundo que o seu pagador teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal en territorio común ou vasco.

Na exacción das retencións e ingresos á conta a que se refire este punto, as deputacións forais aplicarán idénticos tipos aos de territorio común.»

«Artigo 14. *Normativa aplicable.*

Un. O imposto sobre sociedades é un tributo concertado de normativa autónoma para os suxeitos pasivos que teñan o seu domicilio fiscal no País Vasco.

Non obstante, os suxeitos pasivos cuxo volume de operacións no exercicio anterior excedese os 10 millóns de euros, e no dito exercicio realizasen en territorio común o 75 por cento ou máis do seu volume de operacións, quedarán sometidos á normativa do dito territorio.

Será de aplicación a normativa autónoma aos suxeitos pasivos cuxo domicilio fiscal radique en territorio común, o seu volume de operacións no exercicio anterior excedese os 10 millóns de euros e no dito exercicio realizasen no País Vasco o 75 por cento ou máis do seu volume de operacións, salvo que se trate de suxeitos

pasivos que formen parte dun grupo fiscal e cuxo domicilio fiscal radique en territorio común, o seu volume de operacións no exercicio anterior excedese os 10 millóns de euros, caso en que será de aplicación a normativa autónoma unicamente se no dito exercicio realizasen no País Vasco a totalidade das operacións.

Dous. Entenderase por volume de operacións o importe total das contraprestacións, excluído o imposto sobre o valor engadido e a recarga de equivalencia, se é o caso, obtido nun exercicio polo suxeito pasivo nas entregas de bens e prestacións de servizos realizadas na súa actividade.

Terán a consideración de entregas de bens e prestacións de servizos as operacións definidas como tales na lexislación reguladora do imposto sobre o valor engadido.

Se o exercicio anterior fose inferior a un ano, o volume de operacións a que se refire ao número un anterior será o resultado de elevar ao ano as operacións realizadas durante o exercicio.

Tres. Para os efectos do previsto nesta sección, entenderase que un suxeito pasivo opera nun ou noutro territorio cando, de acordo cos criterios establecidos no artigo 16, realice neles entregas de bens ou prestacións de servizos.

Catro. No suposto de inicio da actividade, atenderase ao volume das operacións realizadas no primeiro exercicio, e, se este for inferior a un ano, o volume de operacións será o resultado de elevar ao ano as operacións realizadas durante o exercicio. Ata que se coñezan o volume e o lugar de realización das operacións neste exercicio, tomaranse como tales, para todos os efectos, os que o suxeito pasivo considere en función das operacións que prevexa realizar durante o exercicio de inicio da actividade.»

Artigo 15. *Exacción do imposto.*

Un. Corresponderá de forma exclusiva ás deputacións forais a exacción do imposto sobre sociedades dos suxeitos pasivos que teñan o seu domicilio fiscal no País Vasco e o seu volume de operacións no exercicio anterior non excedese os 10 millóns de euros.

Dous. Os suxeitos pasivos cuxo volume de operacións no exercicio anterior excedese os 10 millóns de euros tributarán, calquera que sexa o lugar en que teñan o seu domicilio fiscal, ás deputacións forais, á Administración do Estado ou a ambas as administracións en proporción ao volume de operacións realizado en cada territorio durante o exercicio.

A proporción do volume de operacións realizada en cada territorio durante o exercicio determinarase por aplicación das regras que se establecen no artigo seguinte e expresarase en porcentaxe redondeada con dous decimais.»

«Artigo 19. *Inspección do imposto.*

Un. A inspección do imposto realizaraa a deputación foral competente por razón do territorio cando o suxeito pasivo teña o seu domicilio fiscal no País Vasco.

Non obstante, a inspección dos suxeitos pasivos cuxo volume de operacións no exercicio anterior excedese os 10 millóns de euros e no dito exercicio realizasen en territorio común o 75 por cento ou máis do seu volume de operacións corresponderalle á Administración do Estado.

Así mesmo, a inspección dos suxeitos pasivos cuxo domicilio fiscal radique en territorio común, o seu volume de operacións no exercicio anterior excedese os 10 millóns de euros e no dito exercicio realizasen no País Vasco o 75 por cento ou máis do seu volume de operacións, realizaraa a deputación foral competente por razón do territorio.

Dous. As actuacións inspectoras axustaranse á normativa da Administración competente, de acordo co previsto no punto anterior, sen prexuízo da colaboración do resto das administracións.

Se, como consecuencia das actuacións inspectoras, resulta unha débeda a ingresar ou unha cantidade a devolver que corresponda a ambas as administracións, o cobramento ou o pagamento correspondente será efectuado pola Administración actuante, sen prexuízo das compensacións que entre aquelas procedan. Os órganos da inspección competente comunicarán os resultados das súas actuacións ao resto das administracións afectadas.

Tres. O establecido no punto anterior entenderase sen prexuízo das facultades que lles corresponden no seu territorio ás deputacións forais en materia de comprobación e investigación, sen que as súas actuacións poidan ter efectos económicos fronte aos contribuíntes en relación coas liquidacións definitivas realizadas como consecuencia de actuacións dos órganos das administracións competentes.

Catro. As proporcións fixadas nas comprobacións pola Administración competente producirán efectos fronte ao suxeito pasivo en relación coas obrigas liquidadas, sen prexuízo das que, con posterioridade ás ditas comprobacións, acorden con carácter definitivo entre ambas as administracións.

Cinco. As administracións tributarias que non teñan a competencia inspectora poderán verificar, con independencia de onde se entendan realizadas, todas aquelas operacións que poidan afectar o cálculo do volume de operacións atribuído por aquelas, para os únicos efectos de comunicar o actuado á Administración tributaria con competencia inspectora, sen que isto produza efectos económicos para o contribuínte.

Artigo 20. *Agrupacións de interese económico e unións temporais de empresas, e grupos fiscais.*

Un. O réxime tributario das agrupacións de interese económico e unións temporais de empresas corresponderá ao País Vasco cando a totalidade das entidades que as integren estean suxeitas a normativa foral.

Estas entidades imputaranlles aos seus socios a parte correspondente do importe das operacións realizadas nun e noutro territorio, que será tida en conta por estes para determinar a proporción das súas operacións.

Dous. 1. Os grupos fiscais estarán suxeitos ao réxime de consolidación fiscal foral cando todas as entidades que forman o grupo fiscal estean suxeitas a normativa foral en réxime de tributación individual, e estarán suxeitos ao réxime de consolidación fiscal de territorio común cando todas as entidades que forman o grupo fiscal estean suxeitas a normativa de territorio común en réxime de tributación individual.

Para estes efectos, consideraranse excluídas do grupo fiscal as entidades que estean suxeitas á outra normativa.

A competencia inspectora dos grupos fiscais corresponderalle á Administración tributaria cuxa normativa sexa aplicable de acordo coas normas establecidas no presente artigo.

En todo caso, aplicarase idéntica normativa á establecida en cada momento polo Estado para a definición de grupo fiscal, entidade dominante, entidades dependentes, entidade representante, grao de dominio e operacións internas do grupo.

2. Para a aplicación do réxime de consolidación fiscal dos grupos fiscais seguiranse as regras seguintes:

Primeira. As entidades integrantes do grupo presentarán, de conformidade coas normas xerais a que se refire este concerto, a declaración establecida para o réxime de tributación individual.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, a entidade representante do grupo fiscal presentará a cada unha das administracións os estados contables consolidados do grupo fiscal.

Segunda. O grupo fiscal tributarán, en todo caso, a unha e outra Administración en función do volume de operacións realizado nun e noutro territorio.

Para estes efectos, o volume de operacións realizado en cada territorio estará constituído pola suma ou agregación das operacións que cada unha das entidades integrantes do grupo fiscal efectúen nel antes das eliminacións intergrupo que procedan.

3. Para a determinación da proporción do volume de operacións efectuado en cada territorio nos casos a que se refire o segundo parágrafo da letra c) do número un do artigo 7, o segundo parágrafo da letra a) do número un do artigo 9 e o segundo parágrafo do número dous do artigo 23, atenderase en todo caso ao volume de operacións do grupo definido na regra segunda do punto anterior.

Artigo 21. *Normativa aplicable.*

Un. O imposto sobre a renda de non residentes é un tributo concertado que se rexerá polas mesmas normas substantivas e formais que as establecidas en cada momento polo Estado.

Non obstante o anterior, aos establecementos permanentes domiciliados no País Vasco de persoas ou entidades residentes no estranxeiro seralles de aplicación a normativa autónoma deste imposto de acordo co establecido no artigo 14.

Cando o contribuínte exerza a opción de tributación polo imposto sobre a renda das persoas físicas por cumprir os requisitos previstos na normativa reguladora do imposto sobre a renda de non residentes, para efectos da aplicación do réxime opcional será tida en conta a normativa da deputación foral competente por razón do territorio sempre e cando a renda obtida en territorio vasco represente a maior parte da totalidade da renda obtida en España. No caso de que o contribuínte teña dereito á devolución, esta será satisfeita polas deputacións forais con independencia do lugar de obtención das rendas dentro do territorio español.

Dous. Entenderase que unha persoa física ou unha entidade opera mediante establecemento permanente cando por calquera título dispoña, de forma continuada ou habitual, de instalacións ou lugares de traballo de calquera índole en que se realice toda ou parte da súa actividade, ou actúe nel por medio dun axente autorizado para contratar, en nome e por conta do suxeito pasivo non residente, que exerza con habitualidade os ditos poderes.

En particular, entenderase que constitúen establecemento permanente as sedes de dirección, as sucursais, as oficinas, as fábricas, os talleres, os almacéns, tendas ou outros establecementos, as minas, os pozos de petróleo ou de gas, as canteiras, as explotacións agrícolas, forestais ou pecuarias ou calquera outro lugar de exploración ou de extracción de recursos naturais, e as obras de construción, instalación ou montaxe cuxa duración exceda os seis meses.

Artigo 22. *Exacción do imposto.*

Un. Cando se graven rendas obtidas mediante establecemento permanente, a exacción do imposto corresponderá a unha ou outra Administración ou a ambas conxuntamente, nos termos especificados no artigo 15 anterior.

Dous. Cando se graven rendas obtidas sen mediación de establecemento permanente, a exacción do imposto corresponderá á deputación foral competente por razón do territorio cando as rendas se entendan obtidas ou producidas no País Vasco por aplicación dos seguintes criterios:

a) Os rendementos de explotacións económicas, cando as actividades se realicen en territorio vasco.

b) Os rendementos derivados de prestacións de servizos, tales como a realización de estudos, proxectos, asistencia técnica, apoio á xestión, así como de servizos profesionais, cando a prestación se realice ou se utilice en territorio vasco.

Entenderanse utilizadas en territorio vasco as prestacións que sirvan a actividades empresariais ou profesionais realizadas en territorio vasco ou se refiran a bens situados nel.

Atenderase ao lugar da utilización do servizo cando este non coincida co da súa realización.

c) Os rendementos que deriven, directa ou indirectamente, do traballo:

a') Cando proveñan dunha actividade persoal desenvolvida no País Vasco.

b') As pensións e demais prestacións similares, cando deriven dun emprego prestado en territorio vasco.

c') As retribucións que se perciban pola condición de administradores e membros dos consellos de administración, das xuntas que fagan as súas veces ou de órganos representativos en toda clase de entidades, conforme o previsto no número catro deste artigo.

d) Os rendementos derivados, directa ou indirectamente, da actuación persoal en territorio vasco de artistas ou deportistas ou de calquera outra actividade relacionada coa dita actuación, mesmo cando os perciban persoa ou entidade distinta do artista ou deportista.

e) Os dividendos e outros rendementos derivados da participación en fondos propios de entidades públicas vascas, así como os derivados da participación en fondos propios de entidades privadas na contía prevista no número catro deste artigo.

f) Os xuros, canons e outros rendementos do capital mobiliario:

a') Satisfeitos por persoas físicas con residencia habitual no País Vasco ou entidades públicas vascas, así como os satisfeitos por entidades privadas ou establecementos permanentes na contía prevista no número catro deste artigo.

b') Cando retribúan prestacións de capital utilizadas en territorio vasco.

Cando estes criterios non coincidan, atenderase ao lugar de utilización do capital cuxa prestación se retribúe.

g) Os rendementos derivados, directa ou indirectamente, de bens inmoables situados en territorio vasco ou de dereitos relativos a estes.

h) As rendas imputadas aos contribuíntes persoas físicas titulares de bens inmoables urbanos situados en territorio vasco.

i) As ganancias patrimoniais derivadas de valores emitidos por persoas ou entidades públicas vascas, así como as derivadas de valores emitidos por entidades privadas na contía prevista no número catro deste artigo.

j) As ganancias patrimoniais derivadas de bens inmoables situados en territorio vasco ou de dereitos que se deban cumprir ou se exerzan no dito territorio.

En particular, considéranse incluídas nesta letra:

a') As ganancias patrimoniais derivadas de dereitos ou participacións nunha entidade, residente ou non, cuxo activo estea constituído, principalmente, por bens inmoables situados en territorio vasco.

b') As ganancias patrimoniais derivadas da transmisión de dereitos ou participacións nunha entidade, residente ou non, que atribúan ao seu titular o dereito de desfrute sobre bens inmoables situados en territorio vasco.

k) As ganancias patrimoniais derivadas doutros bens mobles situados en territorio vasco ou de dereitos que se deban cumprir ou se exerzan no dito territorio.

Tres. Cando, de acordo cos criterios sinalados no punto anterior, unha renda se poida entender obtida simultaneamente en ambos os territorios, a súa exacción corresponderá aos territorios históricos cando o pagador, se é persoa física, teña a súa residencia habitual no País Vasco; se for persoa xurídica ou establecemento permanente, atenderase ao disposto no número catro deste artigo.

Catro. Nos supostos a que se refiren a letra c') da letra c) e as letras e), f) e i) do número dous anterior, así como no suposto previsto no número tres, as rendas satisfeitas por entidades privadas ou establecementos permanentes entenderanse obtidas ou producidas en territorio vasco na contía seguinte:

- a) Cando se trate de entidades ou establecementos permanentes que tributen exclusivamente ao País Vasco a totalidade das rendas que satisfagan.
- b) Cando se trate de entidades ou establecementos permanentes que tributen conxuntamente a ambas as administracións a parte das rendas que satisfagan, en proporción ao volume de operacións realizado no País Vasco.

Non obstante, nos supostos a que se refire esta letra, a Administración competente para a exacción da totalidade dos rendementos será a do territorio a quen corresponda a competencia inspectora das persoas, entidades ou establecementos permanentes que presenten a liquidación en representación do non residente conforme os criterios establecidos no presente concerto económico, sen prexuízo da compensación que proceda realizar á outra Administración pola parte correspondente á proporción do volume de operacións realizado no territorio desta última.

Así mesmo, as devolucións que proceda realizar aos non residentes serán por conta da Administración do territorio a quen corresponda a competencia inspectora das persoas, entidades ou establecementos permanentes que presenten a liquidación en representación do non residente conforme os criterios establecidos no presente concerto económico, sen prexuízo da compensación que proceda realizar á outra Administración pola parte correspondente ao volume de operacións da entidade pagadora realizado no territorio desta última.

Cinco. O gravame especial sobre bens inmobles de entidades non residentes corresponderá á deputación foral competente por razón do territorio cando o ben inmueble estea situado en territorio vasco.

Seis. O gravame especial sobre os premios de determinadas lotarías e apostas exixible a non residentes sen establecemento permanente corresponderá á Administración do Estado ou deputación foral competente por razón do territorio segundo que o punto de venda onde se adquira o décimo fracción ou cupón de lotaría ou aposta premiados se localice en territorio común ou vasco.

Artigo 23. *Pagamentos á conta.*

Un. Os pagamentos fraccionados que realicen os establecementos permanentes e as retencións e ingresos á conta do imposto que se lles realicen polas rendas que perciban exixiranse de acordo coas regras establecidas nas seccións 2.^a e 3.^a anteriores.

Dous. As retencións e ingresos á conta correspondentes ás rendas obtidas polos contribuíntes que operen sen establecemento permanente serán exixidas pola Administración do territorio en que se entendan obtidas as correspondentes rendas, conforme o disposto no artigo anterior. Así mesmo, a inspección realizarana os órganos da Administración que corresponda conforme o disposto no mesmo artigo.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, nos supostos a que se refiren as letras e), f) e i) do número dous e no suposto previsto no número tres, ambos os dous do artigo anterior, serán exixidos polas deputacións forais en proporción ao volume de operacións realizado no País Vasco correspondente ao obrigado a reter, aplicando as regras especificadas na sección 3.^a anterior.

Tres. Así mesmo, será de aplicación o disposto no artigo 12 respecto da eficacia dos pagamentos á conta realizados nunha ou noutra Administración.

Catro. As retencións correspondentes ao gravame especial sobre os premios de determinadas lotarías e apostas realizadas a contribuíntes non residentes sen establecemento permanente serán exixidos pola Administración do Estado ou

deputación foral competente por razón do territorio segundo que o punto de venda onde se adquira o décimo, fracción ou cupón de lotaría ou aposta premiados se localice en territorio común ou vasco.»

«Artigo 23 ter. *Normativa aplicable e exacción do imposto.*

Un. O imposto sobre os depósitos nas entidades de crédito é un tributo concertado que se rexerá polas mesmas normas substantivas e formais establecidas en cada momento polo Estado.

Malia o anterior, as institucións competentes dos territorios históricos poderán establecer os tipos de gravame deste imposto dentro dos límites e nas condicións vixentes en cada momento en territorio común.

Así mesmo, as institucións competentes dos territorios históricos poderán aprobar os modelos de declaración e ingreso que conterán, polo menos, os mesmos datos que os do territorio común, e sinalar prazos de ingreso para cada período de liquidación, que non diferirán substancialmente dos establecidos pola Administración do Estado.

Dous. A exacción do imposto corresponderá á Administración do Estado ou á deputación foral competente por razón do territorio segundo que a sede central, sucursais ou oficinas onde se manteñan os fondos de terceiros estean situadas en territorio común ou vasco.

Non obstante, a exacción do imposto derivada de fondos mantidos mediante sistemas de comercialización non presenciais e daqueles outros non susceptibles de territorialización atribuiráselles aos territorios históricos do País Vasco na proporción que lles corresponda segundo a súa participación nos depósitos territorializados.

Tres. Unha ou outra Administración exixirán os pagamentos á conta do imposto conforme o criterio contido no punto anterior.»

«Sección 4.^a Quinquies. *Imposto sobre o valor da extracción de gas, petróleo e condensados*

Artigo 23 sexies. *Normativa aplicable e exacción do imposto.*

Un. O imposto sobre o valor de extracción de gas, petróleo e condensados é un tributo concertado que se rexerá polas mesmas normas substantivas e formais establecidas en cada momento polo Estado.

Non obstante, as institucións competentes dos territorios históricos poderán aprobar os modelos de declaración e ingreso que conterán, polo menos, os mesmos datos que os do territorio común, e sinalar prazos de ingreso para cada período de liquidación, que non diferirán substancialmente dos establecidos pola Administración do Estado.

Dous. A exacción do imposto corresponderalle á Administración do Estado ou á deputación foral competente por razón do territorio en función do lugar onde se sitúe a área incluída dentro do perímetro de referencia da concesión de explotación do xacemento a que se refire o artigo 22 da Lei 8/2015, do 21 de maio, pola que se modifica a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e pola que se regulan determinadas medidas tributarias e non tributarias en relación coa explotación, investigación e explotación de hidrocarburos.

En caso de que a área incluída dentro do perímetro sinalado no parágrafo anterior se encontre en territorio común e vasco, a exacción do imposto distribuirase proporcionalmente entre ambas as administracións.

Tres. Os pagamentos á conta do imposto serán exixidos por unha ou outra Administración, conforme o criterio contido no número dous anterior.

Catro. As devolucións que procedan serán efectuadas polas respectivas administracións na contía que a cada unha corresponda.»

«Artigo 25. *Normativa aplicable e exacción do imposto.*

Un. O imposto sobre sucesións e doazóns é un tributo concertado de normativa autónoma.

Corresponderá a súa exacción á deputación foral competente por razón do territorio nos seguintes casos:

a) Nas adquisicións «mortis causa» e as cantidades percibidas polos beneficiarios de seguros sobre a vida para caso de falecemento, cando o causante teña a súa residencia habitual no País Vasco na data da devindicación. No caso de que o causante teña a súa residencia no estranxeiro, cando os contribuíntes teñan a súa residencia no País Vasco.

b) Nas doazóns de bens inmoables e dereitos sobre eles, cando estes bens radiquen en territorio vasco. Se os bens inmoables radican no estranxeiro, cando o donatario teña a súa residencia habitual no País Vasco na data da devindicación.

Para efectos do previsto nesta letra, terán a consideración de doazóns de bens inmoables as transmisións a título gratuito dos valores a que se refire o artigo 314 do Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do mercado de valores.

c) Nas doazóns dos demais bens e dereitos, cando o donatario teña a súa residencia habitual no País Vasco na data da devindicación.

d) No suposto en que o contribuínte teña a súa residencia no estranxeiro, cando o maior valor dos bens ou dereitos radique en territorio vasco, así como pola percepción de cantidades derivadas de contratos de seguros sobre a vida, cando o contrato fose realizado con entidades aseguradoras residentes no territorio vasco ou se celebren no País Vasco con entidades estranxeiras que operen nel.

Para efectos desta letra, entenderase que radican en territorio vasco os bens e dereitos que estean situados, poidan exercerse ou teñan que cumprirse no dito territorio.

Dous. Nos supostos recollidos nas letras a) e c) do punto anterior, as deputacións forais aplicarán as normas de territorio común cando o causante ou donatario permanecese en territorio común un maior número de días do período dos cinco anos inmediatos anteriores, contados desde a data da devindicación do imposto. Esta norma non será aplicable aos que conservasen a condición política de vascos de acordo co artigo 7.º 2 do Estatuto de autonomía.

Tres. Cando nun documento un mesmo doador doe a prol dun mesmo donatario bens ou dereitos e, por aplicación dos criterios especificados no número un anterior, o rendemento deba entenderse producido en territorio común e vasco, corresponderá a cada un deles a cota que resulte de aplicar ao valor dos dados cuxo rendemento se lle atribúe o tipo medio que, segundo as súas normas, correspondería ao valor da totalidade dos transmitidos.

Catro. Cando proceda acumular doazóns, corresponderá ao País Vasco a cota que resulte de aplicar ao valor dos bens e dereitos actualmente transmitidos o tipo medio que, segundo as súas normas, correspondería ao valor da totalidade dos acumulados.

Para estes efectos, entenderase por totalidade dos bens e dereitos acumulados os procedentes de doazóns anteriores e os que son obxecto da transmisión actual.»

«Artigo 27. *Exacción do imposto.*

Un. A exacción do imposto sobre o valor engadido axustarase ás seguintes normas:

Primeira. Os suxeitos pasivos que operen exclusivamente en territorio vasco tributarán integramente ás correspondentes deputacións forais e os que operen exclusivamente en territorio común farano á Administración do Estado.

Segunda. Cando un suxeito pasivo opere en territorio común e vasco tributará a ambas as administracións en proporción ao volume de operacións efectuado en cada territorio, determinado de acordo cos puntos de conexión que se establecen no artigo seguinte.

Terceira. Os suxeitos pasivos cuxo volume total de operacións no ano anterior non excedese os 10 millóns de euros tributarán, en todo caso, e calquera que sexa o lugar onde efectúen as súas operacións, á Administración do Estado, cando o seu domicilio fiscal estea situado en territorio común, e á deputación foral correspondente, cando o seu domicilio fiscal estea situado no País Vasco.

Dous. Entenderase como volume total de operacións o importe das contraprestacións, excluídos o imposto sobre o valor engadido e a recarga de equivalencia, se é o caso, obtido polo suxeito pasivo nas entregas de bens e prestacións de servizos realizadas na súa actividade.

No suposto de inicio da actividade, para o cómputo da cifra de 10 millóns de euros atenderase ao volume de operacións realizado no primeiro ano natural.

Se o primeiro ano de actividade non coincide co ano natural, para o cómputo da cifra anterior as operacións realizadas desde o inicio das actividades elevaranse ao ano.

Tres. Para os efectos do previsto nesta sección, entenderase que un suxeito pasivo opera nun ou noutro territorio cando, de acordo cos criterios establecidos no artigo 28, realice neles entregas de bens ou prestacións de servizos.

Catro. A exacción do imposto correspondente ás operacións relacionadas co tráfico intracomunitario de bens realizarase, salvo os supostos especificados nos puntos seguintes deste artigo, nos termos especificados no número un anterior.

Cinco. A exacción do imposto polas adquisicións intracomunitarias de medios de transporte novos efectuadas por particulares ou por persoas ou entidades cuxas operacións estean totalmente exentas ou non suxeitas ao imposto sobre o valor engadido corresponderá á Administración do territorio común ou vasco en que os ditos medios de transporte se matriculen definitivamente.

Seis. A exacción do imposto será exixido pola Administración do Estado ou pola deputación foral competente por razón do territorio, segundo que o suxeito pasivo estea domiciliado en territorio común ou foral, nos seguintes supostos:

a) As adquisicións intracomunitarias de bens suxeitas ao imposto por opción ou por se ter superado o límite cuantitativo establecido na normativa reguladora do imposto, efectuadas por suxeitos pasivos que realicen exclusivamente operacións que non orixinan dereito a dedución total ou parcial daquel ou por persoas xurídicas que non actúen como empresarios ou profesionais.

b) As adquisicións intracomunitarias de bens en réxime simplificado, réxime especial da agricultura, gandaría e pesca e réxime de recarga de equivalencia.»

«Artigo 29. *Xestión e inspección do imposto.*

Un. O resultado das liquidacións do imposto imputaráselles ás administracións competentes en proporción ao volume das contraprestacións, excluído o imposto sobre o valor engadido, correspondentes ás entregas de bens e prestacións de servizos gravadas e as exentas que orixinan dereito á dedución que se realizen nos territorios respectivos durante cada ano natural.

Dous. As proporcións provisionalmente aplicables durante cada ano natural serán as determinadas en función das operacións do ano precedente. A proporción provisional aplicable nos períodos de liquidación do primeiro ano natural do exercicio da actividade será fixada polo suxeito pasivo segundo a súa previsión das operacións que se realizarán en cada territorio, sen prexuízo da regularización final correspondente.

Non obstante o previsto no parágrafo anterior, poderase aplicar, logo de comunicación á Comisión de Coordinación e Avaliación Normativa prevista na sección 2.^a do capítulo III do presente concerto económico, unha proporción diferente nos seguintes supostos:

- a) Fusión, escisión e achega de activos.
- b) Inicio, cesamento, ampliación ou redución de actividade en territorio común ou foral que implique unha variación significativa da proporción calculada segundo o criterio especificado no primeiro parágrafo deste punto.

En todo caso, considerarase que a variación é significativa cando supoña a alteración de 15 ou máis puntos porcentuais na proporción aplicable a calquera dos territorios.

Tres. Na última declaración-liquidación do imposto correspondente a cada ano natural, o suxeito pasivo calculará as proporcións definitivas segundo as operacións realizadas no dito período e realizará a conseguinte regularización das declaracións efectuadas nos anteriores períodos de liquidación con cada unha das administracións.

Catro. Os suxeitos pasivos presentarán as declaracións-liquidacións do imposto ante as administracións competentes para a súa exacción, nas cales constarán, en todo caso, a proporción aplicable e as cotas que resulten ante cada unha das administracións.

Cinco. As devolucións que procedan serán efectuadas polas respectivas administracións na contía que a cada unha lle corresponda.

Seis. A inspección realizarase de acordo cos seguintes criterios:

- a) A inspección dos suxeitos pasivos que deban tributar exclusivamente ás deputacións forais ou, se é o caso, á Administración do Estado, levarana a cabo as inspeccións dos tributos de cada unha das ditas administracións.
- b) A inspección dos suxeitos pasivos que deban tributar en proporción ao volume das súas operacións realizadas en territorio común e vasco realizarase de acordo coas seguintes regras:

Primeira. Suxeitos pasivos con domicilio fiscal en territorio común: a comprobación e investigación serán realizadas polos órganos da Administración do Estado, que regularizarán a situación tributaria do suxeito pasivo fronte a todas as administracións competentes, incluíndo a proporción de tributación que corresponda ás distintas administracións.

No caso de que o suxeito pasivo realizase no exercicio anterior en territorio vasco o 75 por cento ou máis das súas operacións ou o cen por cento no caso de entidades acollidas ao réxime especial de grupos de entidades, de acordo cos puntos de conexión establecidos, a comprobación e investigación serán realizadas pola deputación foral competente por razón do territorio, sen prexuízo da colaboración da Administración do Estado.

Segunda. Suxeitos pasivos con domicilio fiscal en territorio vasco: a comprobación e investigación serán realizadas polos órganos competentes da Administración foral correspondente ao domicilio fiscal, sen prexuízo da colaboración da Administración do Estado, e producirán efectos fronte a todas as administracións competentes, incluíndo a proporción de tributación que corresponda a estas. No caso de que o suxeito pasivo realizase no exercicio anterior en territorio común o 75 por cento ou máis das súas operacións, de acordo cos puntos de conexión establecidos, será competente a Administración do Estado sen prexuízo da colaboración das deputacións forais.

Se, como consecuencia das ditas actuacións, resulta unha débeda a ingresar ou unha cantidade a devolver que corresponda a ambas as administracións, o cobramento ou o pagamento correspondente será efectuado pola Administración

actuante, sen prexuízo das compensacións que entre aquelas procedan. Os órganos da inspección competente comunicarán os resultados das súas actuacións ao resto das administracións afectadas.

Terceira. O establecido no punto anterior entenderase sen prexuízo das facultades que lles corresponden ás deputacións forais no ámbito dos seus respectivos territorios en materia de comprobación e investigación, sen que as súas actuacións poidan ter efectos económicos fronte aos contribuíntes en relación coas liquidacións definitivas realizadas como consecuencia de actuacións dos órganos das administracións competentes.

Cuarta. As proporcións fixadas nas comprobacións pola Administración competente producirán efectos fronte ao suxeito pasivo en relación coas obrigas liquidadas, sen prexuízo das que, con posterioridade a estas comprobacións, se acorden con carácter definitivo entre as administracións competentes.

Quinta. As administracións tributarias que non teñan a competencia inspectora poderán verificar, con independencia de onde se entendan realizadas, todas aquelas operacións que poidan afectar o cálculo do volume de operacións atribuído por aquelas, para os únicos efectos de lle comunicar o actuado á Administración tributaria con competencia inspectora, sen que isto produza efectos económicos para o contribuínte.

Sete. As entidades acollidas ao réxime especial do grupo de entidades tributarán aplicando as regras contidas na presente sección 7.^a, coas seguintes especialidades:

Primeira. Consideraranse excluídas do grupo de entidades as entidades dependentes cuxa inspección, de acordo coas regras contidas no punto seis anterior, se encontre encomendada aos órganos dunha Administración, foral ou común, distinta da aplicable á entidade dominante.

Segunda. As entidades integrantes do grupo de entidades presentarán, de conformidade coas normas xerais a que se refire este concerto, a declaración establecida para o réxime de tributación individual, que conterá os importes que resulten da aplicación individual das normas reguladoras do imposto, incluíndo, se é o caso, as propias do réxime especial do grupo de entidades.

Cada entidade integrante do grupo calculará de forma individual o resultado da declaración imputable a cada Administración aplicando o resto de regras establecidas na presente sección 7.^a

Terceira. Os importes que se computarán nas declaracións-liquidacións agregadas do grupo de entidades serán a suma dos resultados calculados conforme a regra anterior correspondentes a cada unha das deputacións forais ou á Administración do Estado, sen que caiba a agregación de cantidades que correspondan a administracións tributarias distintas.

Cuarta. As obrigas específicas das entidades dominantes deberán ser cumpridas ante as administracións tributarias en cuxo territorio operen as entidades que integran o grupo.

Quinta. O réxime especial do grupo de entidades non alterará en ningún caso as regras previstas neste concerto e, en particular, as aplicables para determinar o volume de operacións en cada territorio.

Oito. As declaracións recapitulativas de entregas e adquisicións intracomunitarias presentaranse perante a Administración tributaria que teña atribuída a competencia para a comprobación e investigación dos suxeitos pasivos.

Nove. Sen prexuízo do disposto nos puntos anteriores deste artigo, nos supostos en que os contribuíntes estivesen sometidos á competencia exaccionadora dunha Administración tributaria nos períodos de liquidación anteriores ao momento en que inicien a realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes á súa actividade e a outra diferente nos períodos de

liquidación posteriores, ou cando variase substancialmente a proporción na cal tributan ás distintas administracións, común ou forais, nos mencionados períodos de liquidación, procederán á regularización de cotas devoltas nos termos previstos neste punto.

Os contribuíntes a que se refire o parágrafo anterior deberán regularizar as proporcións de tributación ás distintas administracións correspondentes aos períodos de liquidación anteriores ao momento en que inicien a realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes á súa actividade, de conformidade coas porcentaxes de tributación a cada unha delas correspondentes ao primeiro ano natural completo posterior ao inicio da mencionada realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes á súa actividade.

Para isto, os suxeitos pasivos presentarán unha declaración específica ante todas as administracións afectadas pola regularización no mesmo prazo en que corresponda presentar a última declaración-liquidación do primeiro ano natural completo posterior ao inicio da mencionada realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes á súa actividade.

Desta forma, as administracións deberán asumir a devolución das cotas correspondentes aos períodos de liquidación anteriores ao momento en que inicien a realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes á súa actividade conforme a proporción establecida no parágrafo segundo, o que dará lugar a que se deban compensar entre si as cantidades que correspondan, sen que esta regularización poida ter efectos económicos fronte aos contribuíntes.

Para estes efectos, entenderase que variou substancialmente a proporción na que tributan ás distintas administracións, común ou forais, nos períodos de liquidación a que fai referencia o primeiro parágrafo deste punto, cando a proporción correspondente a algunha das administracións variase en, polo menos, 40 puntos porcentuais.»

«Artigo 31. *Exacción do imposto.*

A exacción do imposto corresponderá ás respectivas deputacións forais nos seguintes casos:

1. Nas transmisións onerosas e arrendamentos de bens inmobles e na constitución e cesión onerosa de dereitos reais, mesmo de garantía, que recaian sobre eles, cando estes radiquen en territorio vasco.

Nos supostos previstos no artigo 314 do Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do mercado de valores, cando radiquen en territorio vasco os bens inmobles integrantes do activo da entidade cuxos valores se transmiten.

2. Nas transmisións onerosas de bens mobles, semoventes e créditos, así como na constitución e cesión onerosa de dereitos sobre estes, cando o adquirente, sendo persoa física, teña a súa residencia habitual no País Vasco e, sendo persoa xurídica, teña nel o seu domicilio fiscal.

Non obstante o anterior, establécense as dúas excepcións seguintes:

a) Na transmisión de accións, dereitos de subscripción, obrigas e títulos análogos e demais valores, así como participacións sociais, atenderase ao lugar de formalización da operación.

b) Na constitución de hipoteca mobiliaria ou peñor sen desprazamento ou se se refire a buques, embarcacións ou aeronaves, tomarase en consideración o territorio onde tales actos teñan que ser inscritos.

3. Na constitución de préstamos simples, fianzas, arrendamentos non inmobiliarios e pensións, cando o prestameiro, afianzado, arrendatario ou pensionista, sendo persoa física, teña a súa residencia habitual no País Vasco ou, sendo persoa xurídica, teña nel o seu domicilio fiscal.

Porén, de se tratar de préstamos con garantía real, cando os bens inmoebles hipotecados radiquen en territorio vasco ou sexan inscribibles neste as correspondentes hipotecas mobiliarias ou peñores sen desprazamento.

Se un mesmo préstamo estiver garantido con hipoteca sobre bens inmoebles sitos en territorio común e foral ou con hipoteca mobiliaria ou peñor sen desprazamento inscribible en ambos os territorios, tributará a cada Administración en proporción á responsabilidade que se lles sinale a uns e outros e, en ausencia desta especificación expresa na escritura, en proporción aos valores comprobados dos bens.

4. Nas concesións administrativas de bens, cando estes radiquen no País Vasco e nas execucións de obra ou explotacións de servizos, cando se executen ou presten no País Vasco. Estas mesmas regras serán aplicables cando se trate de actos e negocios administrativos que tributen por equiparación ás concesións administrativas.

Tratándose de concesións de explotación de bens que superen o ámbito territorial do País Vasco, exixirase o imposto en proporción á extensión que ocupen no territorio vasco.

Tratándose de concesións de execución de obras que superen o ámbito territorial do País Vasco, exixirase o imposto en proporción ao importe estimado das obras que se van realizar en territorio vasco.

Tratándose de concesións de explotación de servizos que superen o ámbito territorial do País Vasco, exixirase o imposto en función da media aritmética das porcentaxes que representen a súa poboación e a súa superficie sobre o total das comunidades implicadas.

Tratándose de concesións mixtas que superen o ámbito territorial do País Vasco, exixirase o imposto mediante a aplicación dos criterios recollidos nos tres parágrafos anteriores á parte correspondente da concesión.

No caso de concesións administrativas que superen o ámbito territorial do País Vasco, a inspección do imposto corresponderalle á deputación foral competente por razón do territorio cando o domicilio fiscal da entidade concesionaria radique nel.

5. Nas operacións societarias, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que a entidade teña no País Vasco o seu domicilio fiscal.

b) Que a entidade teña no País Vasco o seu domicilio social, sempre que a sede de dirección efectiva non se encuentre situada no ámbito territorial doutra Administración tributaria dun Estado membro da Unión Europea ou, estándoo, o dito Estado non grave a operación societaria cun imposto similar.

c) Que a entidade realice no País Vasco operacións do seu tráfico, cando a súa sede de dirección efectiva e o seu domicilio social non se encuentren situados no ámbito territorial doutra Administración tributaria dun Estado membro da Unión Europea ou, estándoo, estes Estados non graven a operación societaria cun imposto similar.

6. Nas escrituras, actas e testemuños notariais, cando unhas e outros se autoricen ou outorguen en territorio vasco.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, nos supostos suxeitos á cota gradual do gravame de actos xurídicos documentados, cando radique no País Vasco o rexistro en que se deba proceder á inscrición ou anotación dos bens ou actos.

7. Nas letras de cambio e documentos que suplan estas ou realicen funcións de xiro, así como nas notas promisorias, bonos, obrigacións e títulos análogos, cando o seu libramento ou emisión teña lugar no País Vasco; se o libramento se producise no estranxeiro, cando o seu primeiro tedor teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal no dito territorio.

8. Nas anotacións preventivas, cando se efectúen nos rexistros públicos sitios no País Vasco.»

«Artigo 33. *Normativa aplicable e exacción dos impostos.*

Un. Os impostos especiais teñen o carácter de tributos concertados que se rexerán polas mesmas normas substantivas e formais establecidas en cada momento polo Estado.

Malia o anterior, as institucións competentes dos territorios históricos poderán establecer os tipos de gravame destes impostos dentro dos límites e nas condicións vixentes en cada momento en territorio común.

Así mesmo, as institucións competentes dos territorios históricos poderán aprobar os modelos de declaración e ingreso, que conterán polo menos os mesmos datos que os de territorio común, e sinalar prazos de ingreso para cada período de liquidación, que non diferirán substancialmente dos establecidos pola Administración do Estado.

Dous. Os impostos especiais de fabricación será exixidos polas respectivas deputacións forais cando a súa devindicación se produza no País Vasco.

As devolucións dos impostos especiais de fabricación serán efectuadas pola Administración en que fosen ingresadas as cotas cuxa devolución se solicita. Non obstante, nos casos en que non sexa posible determinar en que Administración foron ingresadas as cotas, a devolución efectuará a Administración correspondente ao territorio onde se xere o dereito á devolución. O control dos establecementos situados no País Vasco, así como a súa autorización, en calquera dos seus réximes, será realizado polas respectivas deputacións forais, non obstante o cal será necesaria a comunicación previa á Administración do Estado e á Comisión de Coordinación e Avaliación Normativa.

Tres. O imposto especial sobre determinados medios de transporte será exixido polas respectivas deputacións forais cando radique en territorio vasco o domicilio fiscal da persoa física ou xurídica que realice o feito imponible.

Non obstante o disposto no número un, as institucións competentes dos territorios históricos poderán incrementar os tipos de gravame ata un máximo do 15 por cento dos tipos establecidos en cada momento polo Estado.

Catro. O imposto especial sobre o carbón será exixido polas respectivas deputacións forais cando a súa devindicación se produza no País Vasco.

Considerarase producida a devindicación no momento da posta ao consumo ou autoconsumo.

Enténdese producida a posta ao consumo no momento da primeira venda ou entrega de carbón tras a produción, extracción, importación ou adquisición intracomunitaria.

Terán, así mesmo, a consideración de primeira venda ou entrega as vendas ou entregas subseguintes que realicen os empresarios que destinen o carbón á súa revenda cando lles fose aplicable na adquisición a exención por destino a revenda.

Terá a consideración de autoconsumo a utilización ou consumo do carbón realizado polos produtores ou extractores, importadores, adquirentes intracomunitarios ou empresarios a que se refire o parágrafo anterior.

Cinco. A exacción do imposto especial sobre a electricidade corresponderalle á deputación foral competente por razón do territorio nos seguintes casos:

No caso de subministración de enerxía eléctrica, cando estea situado no País Vasco o punto de subministración da persoa ou entidade que adquira a electricidade para o seu propio consumo.

No caso do consumo polos produtores de enerxía eléctrica daquela electricidade xerada por eles mesmos, cando se produza no País Vasco o dito consumo.»

«Artigo 36. *Imposto sobre actividades de xogo.*

Un. O imposto sobre actividades de xogo é un tributo concertado que se rexerá polas mesmas normas substantivas e formais que as establecidas en cada momento polo Estado.

En todo caso, os suxeitos pasivos do imposto incorporarán nos modelos que hai que presentar ante cada unha das administracións implicadas a totalidade da información correspondente ás actividades gravadas por este imposto.

Non obstante o anterior, respecto das actividades que sexan exercidas por operadores, organizadores ou por quen desenvolva a actividade gravada por este imposto con residencia fiscal no País Vasco, as institucións competentes dos territorios históricos poderán elevar os tipos do imposto ata un máximo do 20 por cento dos tipos establecidos en cada momento polo Estado. Este incremento aplicarase, exclusivamente, sobre a parte proporcional da base impoñible correspondente á participación no xogo dos residentes fiscais en territorio vasco.

Así mesmo, as institucións competentes dos territorios históricos poderán aprobar os modelos de declaración e ingreso que conterán, polo menos, os mesmos datos que os do territorio común, e sinalar prazos de ingreso para cada período de liquidación, que non diferirán substancialmente dos establecidos pola Administración do Estado.

Dous. Os suxeitos pasivos tributarán, calquera que sexa o lugar en que teñan o seu domicilio fiscal, ás deputacións forais, á Administración do Estado ou a ambas as administracións en proporción ao volume de operacións realizado en cada territorio durante o exercicio.

A proporción do volume de operacións realizada en cada territorio durante o exercicio determinarase en función do peso relativo das cantidades xogadas a cada modalidade de xogo correspondentes a xogadores residentes no País Vasco e en territorio común. Esta proporción, que se expresará en porcentaxe redondeada en dous decimais, aplicarase tamén ás cotas correspondentes a xogadores non residentes en territorio español.

As cotas liquidadas derivadas das modalidades de xogo en que non sexa exixible a identificación da residencia do xogador imputaranse de forma exclusiva á respectiva deputación foral ou á Administración do Estado correspondente ao domicilio fiscal do suxeito pasivo, sen prexuízo das compensacións que corresponda realizar posteriormente entre as administracións.

Non obstante o disposto nos parágrafos anteriores, a exacción do imposto derivada da realización de apostas mutuas deportivo-benéficas e apostas mutuas hípcas estatais, nas cales non se identifique a residencia do xogador, corresponderá á Administración do Estado ou á deputación foral competente por razón do territorio segundo que o punto de venda onde se realice a aposta se localice en territorio común ou vasco.

Tres. Os suxeitos pasivos presentarán as declaracións-liquidacións do imposto ante as administracións competentes para a súa exacción, nas cales constarán, en todo caso, a proporción aplicable e as cotas que resulten ante cada unha das administracións.

Catro. As devolucións que procedan serán efectuadas polas respectivas administracións na contía que a cada unha lle corresponda.

Cinco. A inspección dos suxeitos pasivos levarana a cabo os órganos da Administración onde radique o domicilio fiscal do suxeito pasivo ou do seu representante no caso de suxeitos pasivos non residentes, sen prexuízo da colaboración do resto de administracións tributarias concernidas, e producirá efectos fronte a todas as administracións competentes, incluíndo a proporción de tributación que lles corresponda a estas.

Non obstante, corresponderalle á Administración do Estado a inspección dos suxeitos pasivos cuxo domicilio fiscal radique en territorio vasco cando no ano anterior o importe agregado das cantidades xogadas excedese os 7 millóns de euros e a proporción destas realizada en territorio común, de acordo cos puntos de conexión especificados no número dous anterior, sexa igual ou superior ao 75 por 100.

Así mesmo, corresponderalles aos órganos da deputación competente por razón do territorio a inspección dos suxeitos pasivos cuxo domicilio fiscal radique en territorio común cando no ano anterior o importe agregado das cantidades xogadas excedese os 7 millóns de euros e realízense, de acordo cos puntos de conexión especificados no número dous anterior, a totalidade das súas operacións en territorio vasco.

Se, como consecuencia das ditas actuacións, resulta unha débeda a ingresar ou unha cantidade a devolver que lles corresponda a ambas as administracións, o cobramento ou o pagamento correspondente efectuarao a Administración actuante, sen prexuízo das compensacións que entre aquelas procedan.

Os órganos da inspección competente comunicarán os resultados das súas actuacións ao resto das administracións afectadas.

O establecido nos parágrafos anteriores deste punto entenderase sen prexuízo das facultades que lles corresponden ás administracións tributarias no ámbito dos seus respectivos territorios en materia de comprobación e investigación, sen que as súas actuacións poidan ter efectos económicos fronte aos contribuíntes en relación coas liquidacións definitivas realizadas como consecuencia de actuacións dos órganos das administracións competentes.

As proporcións fixadas nas comprobacións pola Administración competente producirán efectos fronte ao suxeito pasivo en relación coas obrigas liquidadas, sen prexuízo das que con posterioridade a estas comprobacións se acorden con carácter definitivo entre as administracións competentes.»

«Artigo 44. *Delito fiscal.*

Nos supostos en que a Administración tributaria considere que as infraccións poidan ser constitutivas de delitos contra a Facenda pública, pasará o tanto de culpa á xurisdición competente de acordo co establecido no Código penal.

Cando, de conformidade co disposto no artigo 305.5 do Código penal, sexa posible continuar as actuacións para a determinación e o cobramento da débeda tributaria, estas efectuaráas a Administración con competencia inspectora e aplicando a normativa tributaria que corresponda segundo o disposto no presente concerto económico.

Cando, de conformidade co disposto no artigo 305.7 do Código penal, resulte procedente que o xuíz ou tribunal solicite o auxilio dos servizos da Administración tributaria para a exacción da responsabilidade civil derivada do delito e da multa, este auxilio será prestado pola Administración tributaria competente en virtude deste concerto.

O establecido neste artigo entenderase sen prexuízo das compensacións que procedan entre as distintas administracións.

Artigo 45. *Colaboración das entidades financeiras na xestión dos tributos e actuacións da inspección dos tributos.*

Un. Corresponderalles ás deputacións forais do País Vasco a investigación tributaria de contas e operacións, activas e pasivas, das entidades financeiras e de cantas persoas físicas ou xurídicas se dediquen ao tráfico bancario ou crediticio, para a exacción dos tributos cuxa competencia lles corresponda.

Dous. As actuacións comprobadoras e investigadoras que, no ámbito das competencias atribuídas polo presente concerto económico ás deputacións forais deban efectuarse fóra do seu territorio, serán realizadas polos órganos competentes do Estado ou das comunidades autónomas competentes por razón do territorio

cando se trate de tributos cedidos a estas, por requirimento do órgano competente das ditas deputacións forais. En relación coas citadas actuacións, a Administración do Estado e as deputacións forais arbitrarán os oportunos convenios de colaboración e asistencia mutua para a coordinación das actuacións de acordo co disposto no artigo 4 do presente concerto económico.

Tres. As actuacións de obtención de información para a exacción dos tributos cuxa competencia lles corresponda ás deputacións forais serán efectuadas polos órganos competentes das ditas deputacións forais, sen prexuízo dos oportunos convenios de colaboración e asistencia mutua que para a coordinación das citadas actuacións se poidan formalizar de acordo co disposto no artigo 4 do presente concerto económico.

Catro. Cando os órganos competentes do Estado ou das comunidades autónomas ou as deputacións forais coñezan, con ocasión das súas actuacións comprobadoras e investigadoras e de obtención de información para a exacción dos tributos, feitos con transcendencia tributaria para a outra Administración, comunicaranllo a esta na forma que regulamentariamente se determine.»

«Artigo 47 bis. *Asignación e revogación do número de identificación fiscal.*

As persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica deberán solicitar a asignación de número de identificación fiscal ante a Administración correspondente ao seu domicilio fiscal.

As entidades non residentes sen establecemento permanente deberánlle solicitar a asignación do número de identificación fiscal á Administración do territorio en que vaian realizar actos ou operacións de natureza ou con transcendencia tributaria, salvo que con anterioridade lles asignase un número de identificación fiscal outra Administración tributaria.

A revogación do número de identificación fiscal corresponderalle á Administración do seu domicilio fiscal, salvo que a competencia para comprobación e investigación estea atribuída a outra Administración, caso en que lle corresponderá a esta. No caso das entidades non residentes sen establecemento permanente, será competente para a revogación a Administración que o asignou.

En ambos os casos, garantirase a adecuada coordinación e o intercambio de información entre ambas as administracións.

Artigo 47 ter. *Coordinación de competencias exaccionadoras e inspectoras.*

Un. Nos supostos en que, conforme os criterios establecidos no presente concerto económico, lles corresponda a distintas administracións a competencia inspectora para regularizaren as operacións a que fai referencia o número dous seguinte, deberán coordinar as súas competencias de exacción ou inspección co resto de administracións afectadas pola regularización conforme o previsto no presente artigo.

Dous. A coordinación de competencias será procedente en relación cos seguintes supostos:

- a) Regularización de operacións realizadas entre persoas ou entidades vinculadas.
- b) Cualificación de operacións de maneira diferente a como as declarase o contribuínte cando isto implique unha modificación das cotas soportadas ou repercutidas nos impostos indirectos en que se establecese o mecanismo da repercusión.

Tres. Nos supostos a que se refire o punto anterior, a Administración que estea exercendo as súas competencias en relación con algún deses supostos, deberá comunicarlles, con anterioridade a formularlle proposta de resolución ao contribuínte

ou de formalizar a correspondente acta de inspección, ás outras administracións afectadas os elementos de feito e fundamentos de dereito da regularización que entenda procedente.

No caso de que no prazo de dous meses non se formularsen observacións sobre a proposta de resolución por parte das outras administracións concernidas, esta entenderase aprobada e todas elas quedarán vinculadas fronte aos contribuíntes, aos cales deberán aplicar eses criterios.

De existiren observacións, darase traslado destas á Comisión de Coordinación e Avaliación Normativa onde se poderá chegar a un acordo sobre as observacións formuladas.

En todo caso, transcorridos dous meses desde que as ditas observacións fosen formuladas sen chegar a un acordo sobre elas, a Comisión de Coordinación e Avaliación Normativa, así como calquera das administracións concernidas, poderá proceder a trasladar o desacordo á Xunta Arbitral no prazo dun mes, quen deberá resolver a controversia, logo de audiencia do contribuínte, por medio do procedemento abreviado previsto no artigo 68 do presente concerto económico.

Catro. Unha vez resolta a controversia ou, na súa falta, transcorridos os prazos previstos no número dous do artigo 68 deste concerto sen pronunciamento da Xunta Arbitral, a Administración actuante poderá continuar as actuacións e ditar os actos administrativos correspondentes, cuxos efectos entre administracións se suspenderán ata a resolución da Xunta Arbitral.»

«Artigo 64. *Funcións da Comisión de Coordinación e Avaliación Normativa.*

A Comisión de Coordinación e Avaliación Normativa terá atribuídas as seguintes funcións:

a) Avaliar a adecuación da normativa tributaria ao concerto económico con carácter previo á súa publicación.

Para estes efectos, cando, como consecuencia do intercambio de proxectos de disposicións normativas especificado no número un do artigo 4 do presente concerto económico, se efectúen observacións en relación coas propostas contidas nelas, calquera das institucións e administracións representadas poderá solicitar, por escrito e de forma motivada, a convocatoria desta comisión, que se reunirá no prazo máximo de quince días desde a solicitude de convocatoria, analizará a adecuación da normativa proposta ao concerto económico e intentará, con anterioridade á publicación das correspondentes normas, propiciar que as institucións e administracións representadas alcancen un acordo sobre as posibles discrepancias existentes en relación co contido da normativa tributaria.

b) Resolver as consultas que se formulen sobre a aplicación dos puntos de conexión contidos no presente concerto económico. Estas consultas trasladaranse para a súa análise, xunto coa súa proposta de resolución no prazo de dous meses desde a súa recepción, ao resto das administracións concernidas. No caso de que no prazo de dous meses non se formularsen observacións sobre a proposta de resolución, esta entenderase aprobada.

De existiren observacións e non seren admitidas, poderá chegarse a un acordo sobre elas no seo da Comisión de Coordinación e Avaliación Normativa. En todo caso, transcorridos dous meses desde que estas observacións fosen formuladas sen chegar a un acordo sobre elas, a Comisión de Coordinación e Avaliación Normativa, así como calquera das administracións concernidas, poderá proceder a trasladar o desacordo á Xunta Arbitral no prazo dun mes.

c) Resolver sobre as observacións que se formulen relativas ás cuestións do artigo 47 ter.

d) Realizar os estudos que consideren procedentes para unha adecuada articulación estrutural e funcional do réxime autonómico co marco fiscal estatal.

e) Facilitarlles ás administracións competentes criterios de actuación uniforme, plans e programas de informática, e articular e acordar os instrumentos, medios, procedementos ou métodos para a materialización efectiva do principio de colaboración e do intercambio de información.

f) Analizar os supostos ou cuestións que xurdan en materia de inspección entre as administracións do Estado e as respectivas deputacións forais, así como os problemas de valoración para efectos tributarios.

g) Emitir os informes que sexan solicitados polo Ministerio de Facenda, polos distintos departamentos de Facenda do Goberno Vasco e das deputacións forais e pola Xunta Arbitral.

h) Calquera outra relacionada coa aplicación e execución deste concerto económico en particular.»

«Artigo 68. *Procedementos especiais.*

Un. Son procedementos especiais da Xunta Arbitral prevista no presente concerto económico o procedemento abreviado, a extensión de efectos e o incidente de execución.

Dous. O procedemento abreviado aplicarase nos supostos a que fai referencia a letra b) do artigo 64 e o número tres do artigo 47.ter do presente concerto económico.

En tales casos, a Xunta Arbitral deberá admitir a trámite os conflitos correspondentes no prazo dun mes desde a súa interposición, deberá outorgar un prazo común de dez días a todas as partes concernidas para que realicen as súas alegacións e deberá resolver no prazo dun mes desde a súa conclusión.

Tres. Quen interpuxese un conflito ante a Xunta Arbitral prevista no presente concerto económico respecto a unha cuestión que garde identidade de razón con outra que xa fose resolta por medio de resolución firme da Xunta Arbitral, poderá solicitar que o conflito se substancie mediante a extensión de efectos da resolución firme.

Para estes efectos, o escrito de solicitude deberá presentarse no prazo dun mes desde que se teña coñecemento da firmeza da resolución da Xunta Arbitral, quen deberá trasladar o escrito ás demais partes concernidas para que no prazo común de dez días realicen as alegacións que correspondan sobre a identidade de razón entre os supostos, e deberá resolver decidindo a extensión de efectos da resolución firme ou a continuación do procedemento arbitral conforme as regras xerais no prazo dun mes.

Catro. Por medio do incidente de execución, quen fose parte nun procedemento ante a Xunta Arbitral prevista no presente concerto económico poderá solicitar a adopción de medidas de execución da resolución da Xunta Arbitral cando a Administración concernida non a executase nos seus propios termos.

Ás decisións da Xunta Arbitral sobre os incidentes de execución resultarlles de aplicación o disposto no artigo 67 do presente concerto económico.»

«Disposición transitoria primeira.

As modificacións incorporadas nos artigos 14, 15, 19 e 29.6 do presente concerto resultarán de aplicación aos períodos impositivos ou de liquidación, segundo o imposto de que se trate, que se inicien a partir da entrada en vigor da lei que aprobe a modificación do concerto adoptada mediante o Acordo da Comisión Mixta do Concerto Económico do 19 de xullo de 2017.

Así mesmo, o disposto no artigo 29.9 e 47 ter do presente concerto económico será de aplicación ás regularizacións referidas exclusivamente a períodos impositivos iniciados con posterioridade á entrada en vigor da lei que aprobe a modificación do concerto adoptada mediante o Acordo da Comisión Mixta do Concerto Económico do 19 de xullo de 2017.»